

TEOCOIDA 2021 / 2022

INFORMACIÓN

TEOCOIDA 1

- PARTICIPANTES:** alumnado do **CEIP dos Tilos**, que non obtivo praza de comedor.
- LUGAR:** no colexio dos Tilos.
- HORARIO:** de 14:00 a 15:15 horas (15:30 para casos xustificados) todos os días do período lectivo.
- INSCRICIÓN:** a partir do 30 de agosto

TEOCOIDA 2

- PARTICIPANTES:** alumnado dos **CEIP de Calo e dos Tilos**, con prioridade para as familias empadroadas en Teo
- LUGAR:** no colexios de Calo e dos Tilos.
- HORARIO:** desde o remate do horario do comedor ata as 18:00 horas, todos os días do período lectivo.
- INSCRICIÓN:** a partir do 30 de agosto

TIPOS DE USUARIOS/AS:

- **FIXO:** aquel/a usuario/a que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos. Estes usuarios/as poderán escoller as seguintes frecuencias de utilización do servizo:
 - 1 día por semana
 - 2 días por semana
 - 3 días por semana
 - 4 días por semana
 - 5 días por semanaOs usuarios/as fixos poderán solicitar unha utilización do servizo distinta das establecidas, sempre que o soliciten por escrito motivado.
- **OCASIONAL.** aquel/a usuario/a que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos de forma ocasional.

DOCUMENTACIÓN:

- **OBRIGATORIA:**
 - Folla de inscrición.
 - Foto tamaño carné.
 - Fotocopia da tarxeta sanitaria.
 - Declaración responsable para a participación nos programas de conciliación 2021-2022.
- **OPCIONAL:**
 - Informe médico que corresponda en relación a enfermidades específicas que precisen dunha atención especializada (*de ser o caso*).
 - Documentación xurídica suficiente para demostrar a retirada da garda e custodia a algún dos proxenitores (*de ser o caso*).
 - Título de familia numerosa (*de ser o caso*).
 - Xustificación de familia monoparental (*de ser o caso*).
 - Xustificación do acollemento (*de ser o caso*).
 - Declaracións da renda do exercicio 2020 ou certificado negativo relativo á obriga de efectuar declaración do IRPF no que se faga constar os ingresos das persoas responsables legais (*no caso de ter dereito a bonificación*).
 - Impreso de domiciliación.

NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO

- Os usuarios/as fixos/as para **darse de baixa** deberán comunicalo por escrito no Rexistro Xeral do Concello ou a través da Sede Electrónica. A baixa provoca a extinción da obriga de pagamento sempre que se faga cunha antelación mínima de cinco días hábiles ao remate do mes anterior en que a baixa xurdirá efectos. No caso de baixas no medio dun mes en curso, as comunicadas entre o día 1 e 10, darán lugar ao pagamento do 50% da mensuralidade. As comunicadas con posterioridade ao día 10, o pagamento será da mensuralidade completa.
- Os usuarios/as fixos/as poderán **variar a frecuencia de utilización** do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado con antelación de sete días naturais.
- O **uso do servizo de xeito ocasional** deberá ser avisado o día anterior á empresa, ben presencialmente ou no teléfono 677555748 (tamén por WhatsApp).
- As mensuralidades dos **meses de setembro e de xuño** para os usuarios/as fixos/as reduciranse nun 25%.
- As **mensuralidades** fixas de **outubro a maio**, ambas as dúas incluídas, serán íntegras, independentemente dos días lectivos de cada mes.
- En caso de que a solicitude de **alta tivera lugar máis alá do día quince de cada mes**, a primeira cota mensual que se debe abonar reducirase nun 50%.
- A **ausencia esporádica ou continuada** dun servizo non exime da obriga de pagamento e non dá dereito á devolución das cotas. A ausencia inxustificada dun mes producirá unha baixa automática no servizo, e a obrigatoriedade do pago do mes.
- No caso dunha **ausencia xustificada** manterase a praza, coa obriga de seguir facendo o pagamento da cota íntegra que se viña pagando.

PREZOS

- **Usuarios/as fixos/as:**

- Utilización do servizo todos os días: cota mensual de **40,00 €** para o servizo de gardería.
- Utilización do servizo por días soltos, o custo será do 25% para cada día, da cota que lle correspondería do prezo mensual para todos os días lectivos
 - 1 día: 10,00 €
 - 2 días: 20,00 €
 - 3 días: 30,00 €
 - 4 días: 40,00 €

- **Usuarías/os ocasionais**

- Servizo de gardería: **3,50 €/día**

Neste caso non se aplicarán as exencións e bonificacións, excepto que Servizos Sociais de Teo informe de xeito excepcional da incapacidade económica da unidade familiar.

PAGAMENTO

Tras unha modificación realizada na Ordenanza reguladora do prezo público o pago do servizo **liquidarase polo Concello** e non se autoliquidara polos usuarios/as como ata o de agora se estaba realizando. O pago realizarase **a mes vencido** podendo aqueles usuarios/as que o desexen domiciliar este pagamento.

Aqueles usuarios/as que desexen **domiciliar** deberán cumprimentar a orde de domiciliación e entregala no Rexistro Xeral do Concello ou no Departamento de Servizos Sociais. Poderá domiciliar o recibo no momento da inscrición ou en calquera momento posterior.

A aqueles usuarios/as que **non domicilien** o pagamento remitiráselles o correspondente documento de pago para que procedan a efectuar o pagamento nas datas sinaladas no propio documento, nas Entidades colaboradoras que se establezan no propio documento e na banca electrónica (en caso de ser cliente de ditas Entidades).

Así mesmo, pode realizar o pagamento a través da pasarela de pagos que o Concello de Teo ten coa Entidade financeira Abanca no seguinte enlace (<https://ovt.teo.gal/portalCiudadano>) dentro do apartado pago telemático/pago de recibos/liquidacións. Para o pago poderá utilizarse unha tarxeta de débito ou crédito de calquera entidade financeira. Para realizar os pagamentos por este procedemento debe introducir os datos dos campos emisora, referencia, identificación e importe, que aparecen no documento de pagamento. A plataforma de pagamento pediralle toda a información necesaria.

Unha vez realizado o pago deberá presentar o **xustificante** no Rexistro Xeral do Concello, no Departamento de Servizos Sociais ou remitilo ao enderezo electrónico concilia@teo.gal

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.- **EXENCIÓNS:**

A emisión dun informe social do Departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do servizo, determinará a bonificación do 100% da cota.

2.- **BONIFICACIÓNS:**

- Cando asistan ao mesmo servizo varios/as irmáns/ás de xeito simultáneo, o segundo irmán/á e sucesivos terán un desconto do 25%.
- Cando as usuarias ou usuarios pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM* anual terán dereito a unha bonificación do 50% da cota. Terase en conta o IPREM* anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- As usuarias e usuarios que pertencen a familias numerosas segundo a definición da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.
- As usuarias e usuarios que pertencen a familias monoparentais segundo a definición da Lei 3/2011, terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Esta situación deberá acreditarse mediante a presentación do Libro de familia no que figuren un/ha proxenitor/a e os/as menores, así como o certificado de convivencia. No caso de falecemento dun/ha proxenitor/a, presentarse, ademais da documentación anterior, o certificado de defunción. De existires outro proxenitor ou proxenitora coa obriga do pagamento da pensión de alimentos que non contribúa economicamente ao sustento da descendencia común, requiriranse tamén o testemuño do convenio xudicialmente aprobado ou da resolución xudicial que declare o dereito de alimentos, o testemuño de ter instado a execución da resolución que declare aquel dereito e a certificación expedida polo/a secretario/a xudicial que acredite o resultado infrutuoso desa execución. Con carácter excepcional, por estar en curso o proceso xudicial correspondente, poderase eximir da entrega desta última documentación mediante informe do departamento de Servizos Sociais do concello de Teo.
- Cando as usuarias ou usuarios pertencen a unha unidade familiar que teña unha renda per cápita igual ou inferior ao 75% do IPREM* anual terán dereito a unha bonificación do 25% da cota. Terase en conta o IPREM* anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.
- Os usuarios e usuarias que pertencen a familias nas que estea acollido un/unha ou máis menores terán unha bonificación do 25% da cota resultante. Xustificarse coa documentación acreditativa do acollemento. (*Bonificación pendente de aprobación definitiva*).

* IPREM: Indicador público de rendas a efectos múltiples. En 2020 contía mensual igual a 537,84 €

ACTIVIDADES

As actividades que desenvolverá o monitorado no tempo de lecer son as seguintes:

- Actividade de videoteca/biblioteca.
- Xogos cooperativos.
- Xogos de mesa.
- Actividades deportivas e de lecer.

MÁIS INFORMACIÓN

- CIM: 981 938475 (de luns a venres, de 9:00 a 14:00).
- Servizos Sociais: 881819356 (de luns a venres, de 9:00 a 14:00).
- BOP núm. 213 do 14 de decembro de 2020 e BOP núm.45 do 9 de marzo de 2021.